

ORDENANZA REGULADORA DAS BASES PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS.

OBXECTO

As presentes bases teñen por obxecto regula-lo procedemento de concesión e xustificación das axudas e subvencións que o concello de Salvaterra outorgue as distintas asociacións sen fin de lucro, que teñan por finalidade fomentar e difundir actividades culturais.

A consignación orzamentaria será con cargo ás partidas correspondentes do Orzamento Municipal. Partida _____ Importe _____.

BENEFICIARIOS

Poderán solicitar as axudas ou subvencións reguladas nas presentes bases as persoas físicas ou xurídicas, agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, asociacións e entidades válidamente constituídas, sen ánimo de lucro, rexistradas no Rexistro Municipal de Asociacións, ou aquelas outras que non estando rexistradas no Rexistro Municipal de Asociacións a súa actividade este relacionada directamente con este termo municipal.

ACTIVIDADES A SUBVENCIONAR

So se poderán financiar actividades culturais que se realicen dentro de cada exercicio. As peticións deberán detallar a finalidade a que se destinará a subvención, non podendo efectuarse traspasos incondicionados da mesma a outras persoas ou entidades.

CONTÍA DAS SUBVENCÍONS

A concesión das subvencións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria. A contía da subvención poderá acadar ata o 100% do custo da actividade para a que se conceden. O conxunto das axudas concedidas en ningún caso poderá supera-lo 100% do custo das actividades que vaia a desenvolve-lo beneficiario.

PROCEDIMENTO E CRITERIOS PARA A VALORACIÓN E CONCESIÓN DE SUBVENCIONS

Os criterios de valoración para a concesión de subvencións e fixación da súa contía serán os seguintes:

- a) Interese xeral da actividade no ámbito municipal (35 puntos)
- b) Imposibilidade de realiza-la actividade ou de subsistir a asociación de non ser beneficiario da subvención (30 puntos)
- c) Continuidade, estabilidade, e solvencia demostrada pola entidade solicitante no ámbito da actuación desenvolvida (15 puntos)
- d) Repercusión para o colectivo ó que van dirixidas e para o que participa nas actividades, en canto á mellora da súa calidade de vida (20 puntos)

As solicitudes unha vez presentadas serán revisadas e si se observasen defectos ou non reunisen os datos de identificación ou calquera dos previstos no art. 70 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de Procedemento Administrativo, requirirase ó solicitante, para que, no prazo de dez días hábiles, proceda á súa subsanación, indicando que en caso de non facelo se terá por desestimado arquivándose sen máis trámite.

1. A ordenación e instrucción de cada expediente de concesión de subvencións será competencia do Concelleiro Delegado de Cultura, asistido polo Técnico Municipal correspondente.

2. A resolución dos expedientes de concesión de subvencións serán resoltos pola Xunta de Goberno Local e o prazo de notificación será o establecido na Lei de Bases de Réxime Local e ao solicitante se lle concederá 15 días para aceptar dita subvención.

3. O cambio das circunstancias que aconsellaron a concesión da subvención, poderá dar lugar á modificación desta, previa solicitude do solicitante.

PRAZO DE SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

O prazo de presentación de solicitudes será un mes a partir da súa publicación no

B.O.P. As peticións formularanse segundo o modelo que será facilitado, presentándose no Rexistro Xeral do Concello. Xunto coa solicitude achegarase:

- Fotocopia do DNI do representante legal e acreditación do seu cargo a través dunha certificación da Secretaría da entidade ou fotocopia compulsada da acta na que se recolla a composición do órgano de dirección e copia do NIF.

- Memoria explicativa da actividade cultural.

- Certificación da conta bancaria ó seu nome.

- Certificación do Secretario da Asociación, co visto e prace do Presidente, de non ter débeda algunha coa Corporación.

- Declaración doutras axudas, coa advertencia de que o conxunto das axudas recibidas en ningún caso poderá supera-lo 100 % do custo real do obxecto da subvención.

PATROCINIO

As entidades beneficiarias das subvención da presente convocatoria quedan comprometidas a establecer de forma clara nos exemplares dos programas, carteis anunciadores, fotografías e demais material gráfico ou sonoro que publiquen con motivo da actividade subvencionada, mención expresa do patrocinio do Concello.

XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O pagamento das subvencións procederá tras ter acreditado o beneficiario o cumprimento das condicións de outorgamento.

Os beneficiarios presentarán a seguinte documentación:

- Certificado do Secretario e co visto e prace do Presidente da entidade de que a subvención se invirtiu no obxecto da subvención ou realización da actividade.

- Facturas orixinais.

- As entidades solicitantes deberán levar libros e rexistros contables específicos para garantir a adecuada xustificación da subvención e estes serán: libros de caixa, xeral de ingresos e xeral de gastos.

- Poderase efectua-lo pago anticipado da subvención solicitada, si así se solicita e coa garantía que a Xunta de Goberno Local estableza en cada caso.

- Os criterios de graduación dos posibles incumprimentos das condicións impostas con motivo da concesión das subvencións, condicionarán a cantidade que finalmente percibirá o beneficiario ou no seu caso o importe a reintegrar respondendo ó principio de proporcionalidade, serán establecidos en cada caso polo Técnico Municipal correspondente á vista dos documentos xustificantes aportados polo beneficiario.

- O pagamento das subvencións procederase tras ter acreditado o cumprimento das condicións de outorgamento.

- Poderase efectua-lo pago anticipado da subvención solicitada, se así se solicita e coa garantía que a Xunta de Goberno Local estableza en cada caso.

- A subvención máxima por cada Asociación será _____.

- Non poderán presentarse a esta Convocatoria as Entidades que figuran relacionadas na Base 18 do Ornameto do Concello para o ano 2006, xa lles foi concedida unha subvención que figura na mesma.

PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

A documentación xustificativa deberá presentarse antes do 31 de de cembro de 2006. En caso de que non poida cumprirse este prazo poderá solicitarse prórroga do mesmo.

PUBLICIDADE DAS CONVOCATORIAS

As convocatorias publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos deste Concello.